

## REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

### I.- NORMATIVA XERAL DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS CUBERTOS, PISTAS DE TENIS, PISTAS POLIDEPORTIVAS DESCUBERTAS, CAMPO DE FÚTBOL DE O VISO, CAMPO DE FUTBOL DE A CASTAÑEDA.

**Art. 1.-** O presente regulamento ten por obxecto a formulación dun conxunto de normas encamiñadas á planificación e control das actividades que se realizan nas citadas instalacións.

**Art. 2.-** Nas instalacións mencionadas poderanse realizar todo tipo de actividades físico-deportivas, sempre que a súa práctica non provoque, a xuízo do servizo municipal de deportes, un deterioro evidente nas instalacións.

**Art. 3.-** Poderanse realizar actos culturais e actos públicos considerados de interese xeral, sempre con autorización dos responsables municipais.

**Art. 4.-** As instalacións poderán ser utilizadas por calquera persoa ou grupo, nas condicións que especifica este regulamento.

**Art. 5.-** Os horarios serán elaborados polo servizo municipal de deportes e estarán expostos ó público nas mesmas instalacións. Por norma xeral terán preferencia:

- a) Calquera actividade cultural ou deportiva organizada polo Concello.
- b) Actividades escolares sempre que acrediten non dispor nese momento das súas instalacións ou ben sexan insuficientes.
- c) Clubs federados que estén rexistrados no Concello de Arzúa, e teñan a súa sede social no mesmo.
- d) Calquera outro solicitante que non reúna as condicións anteriores.

## II.- DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS.

**Art. 6.-** Todos/as veciños/as do Concello de Arzúa teñen dereito á utilización e aceso ás instalacións deportivas municipais en condición de igualdade, e segundo a normativa de utilización das mesmas, previa solicitude da súa utilización, en todo caso será preciso estar empadroado no Concello de Arzúa para participar nas actividades organizadas polas escolas deportivas municipais.

**Art. 7.-** Os usuarios deberán identificarse a petición do conserxe da instalación como membros do grupo ó que corresponde a hora da utilización, amosando o seu D.N.I.

**Art. 8.-** Os usuarios das instalacións ou no seu caso o club que o solicitara serán responsables dos posibles desperfectos que se puideran causar por un uso incorrecto das instalacións, e terán que facerse cargo da cuantía das reparacións dos bens deteriorados.

**Art. 9.-** É obrigatorio o uso de calzado deportivo adecuado nas áreas de xogo, polas características do seu chan, que será esixido polo encargado das instalacións.

**Art. 10.-** Calquera usuari@ ten dereito a realizar as reclamacións ou suxestións que considere oportunas ante o conserxe das instalacións, que obrigatoriamente lle serán comunicadas ó servizo municipal de deportes, directamente ante o mesmo, ou ó concelleiro correspondente.

**Art. 11.-** Os usuarios en todo momento deberán respectar e cumprir as recomendacións do encargado das instalacións.

**Art. 12.-** O Concello de Arzúa resérvase o dereito de anular calquera permiso concedido no caso de precisar as instalacións para unha actividade propia ou outra que se considere de maior interese social.

**Art. 13.-** No caso de que algún usuario que tendo concedida a súa utilización temporalmente non faga uso das instalacións solicitadas en tres ocasións sen previo aviso, perderá os dereitos que lle foran concedidos.

### III.- PROHIBICIÓNS.

**Art. 14.-** Está totalmente prohibido fumar nos pavillóns cubertos.

**Art. 15.-** Está prohibido consumir bebidas alcohólicas en todas as instalacións deportivas.

**Art. 16.-** Está prohibido ceder o uso das instalacións solicitadas a terceiras persoas ou grupos.

### IV.- NORMATIVA DE ACCESO PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS.

**Art.- 17.-** As entidades deportivas poderán solicitar o uso periódico das instalacións correspondentes preferiblemente antes do comezo das competicións, permanecendo en vigor a súa concesión durante toda a temporada.

**Art. 18.-** As entidades deportivas que soliciten a utilización periódica das instalacións, deberán reunir para a súa concesión os seguintes requisitos:

- a.- Estar rexistrados no Concello de Arzúa
- b.- Ter o seu domicilio social no Concello de Arzúa
- c.- Ser unha entidade sen ánimo de lucro

### V.- NORMATIVA DE ALUGUER DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

**Art. 19.-** @s solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a.- Breve descrición explicativa da actividade a realizar.
- b.- Nome, apelidos e D.N.I. do responsable do grupo ou equipo, que se fará cargo dos desperfectos que se poideran ocasionar.

**Art. 20.-** As solicitudes realizaranse da seguinte forma:

- a.- Mediante instancia tipo recollida no Anexo I deste Regulamento, e presentándoa no Rexistro Xeral do Concello, no Departamento de Deportes, ou na mesma instalación solicitada, con 15

días de antelación no caso de que sexa para unha actividade continuada.

b.- En caso de solicitude de uso en horas illadas non será preciso presentar dita instancia, poderase facer verbalmente nos lugares mencionados no artigo anterior e terán unha resposta instantánea e quedará reflectida no libro de reservas no caso de resposta positiva á devandita solicitude.

c.- As solicitudes verbais de horas illadas, non poderán ser con anterioridade a 7 días, e poderanse solicitar ata a hora en que se desexa utilizar a instalación, e será concedida autorización de utilización sempre que a instalación non estea ocupada ou reservada para esa hora.

d.- O responsable das instalacións poderá anular calquera autorización por motivos especiais de risco para os usuarios ou por outro motivo debidamente xustificado, feito do que terá que dar comunicación o departamento de deportes no prazo máximo de 24 horas.

## **VI.- ENCARGADO DAS INSTALACIÓNS**

**Art. 21.-** As instalacións terán un encargado que será o depositario das chaves de todas as súas dependencias e a quen corresponderá a vixilancia, conservación, posta a punto, limpeza, apertura e peche das mesmas, así coma calquera outra función relacionada co mesmo que se lle encomende.

**Art. 22.-** O encargado terá, no seu caso, a obriga de solicitar os usuarios a correspondente autorización antes do comezo do uso das instalacións.

## VII.- VENTA E PUBLICIDADE

**Art. 23.-** O Concello resérvase o dereito da explotación da venta de bebidas e outros produtos de consumo, lambonadas, etc. agás tabaco e bebidas alcohólicas, ben directamente ou a través de máquinas expendedoras.

**Art. 24.-** O Concello poderá ceder as devanditas explotacións as entidades deportivas que o soliciten durante as súas actividades nas citadas instalacións.

**Art. 25.-** O Concello poderá colocar publicidade estática ou ben autorizar ós clubs usuarios das instalacións, previa solicitude, non excedendo a súa cesión de 2 anos.

## VIII.- INFRACIÓNS E SANCIÓNS

**Art. 26.-** Consideraranse faltas leves as seguintes condutas:

a.- A desobediencia ás instrucións e advertencias que o persoal das instalacións determine co fin de cumprir o presente regulamento.

b.- As accións que causen desperfectos nas instalacións ou equipamento.

c.- Calquera infracción deste regulamento non cualificada como grave ou moi grave.

**Art. 27.-** Consideraranse faltas graves as seguintes:

a.- A falta de respecto cara os traballadores das instalacións ou demais usuarios.

b.- As accións que impliquen deterioro grave das instalacións ou equipamento.

c.- A reiteración de faltas leves.

**Art. 28.-** Consideraranse faltas moi graves as seguintes condutas:

a.- As accións que prexudiquen gravemente ou supoñan riscos para a saúde dos usuarios ou traballadores da instalación.

b.- As accións que impliquen un deterioro moi grave ou irreversible nos equipamentos da instalación.

c.- A reiteración de faltas graves

**Art. 29.-** As sancións que se imporán pola Comisión das faltas sinaladas nos artigos anteriores serán as seguintes:

a.- As faltas leves serán sancionadas con multa de ata 200 €

b.- As faltas graves serán sancionadas con multa de ata 500 €

c.- As faltas moi graves serán sancionadas con multa de ata 1000€ e expulsión das instalacións durante 1 ano.

**Art. 30.-** As sancións serán impostas pola Alcaldía, previo informe do departamento de deportes, as graves e moi graves previa audiencia do sancionado.

#### **XI.- LESIÓNS E ACCIDENTES**

**Art. 31.-** O Concello de Arzúa non se fai responsable de posibles lesións ou accidentes que se poidan producir durante a práctica das actividades que se realicen nas instalacións, que non sexan achacables ás mesmas.

#### **XII.- DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Queda derogada calquera norma de igual ou inferior rango que estea en contradición ou se opoña ó disposto neste Regulamento.

#### **XIII.- DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Unha vez aprobado definitivamente polo Pleno do Concello este Regulamento, entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A N E X O I

SOLICITUDE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ , con DNI \_\_\_\_\_  
Teléfono \_\_\_\_\_ e con enderezo a efectos de notificación  
en \_\_\_\_\_,  
en representación de \_\_\_\_\_,  
con CIF \_\_\_\_\_.

**EXPOÑO:**

- Que para a realización de \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
preciso facer uso da instalación deportiva municipal de \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Polo cal **SOLICITO** a súa concesión coa seguinte distribución:

INSTALACIÓN	DIA-MES-ANO	HORARIO
		DE _____ HORAS A _____ HORAS
		DE _____ HORAS A _____ HORAS
		DE _____ HORAS A _____ HORAS

Arzúa, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 200\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

